

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E FINANCIERA MADERERA, S.A. (Finsa) PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS E DE DIVULGACIÓN EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería do Medio Rural, representada neste acto polo director xeral de Defensa do Monte, Manuel Francisco Gutiérrez, nomeado mediante o Decreto 119/2025, do 29 de decembro, en virtude das facultades que lle confire a Orde do 17 de novembro de 2015 de delegación de competencias en diversos órganos desta consellería (DOG núm. 223 do 23.11.2015).

Doutra parte, D. Xosé Manuel Mera Iglesias, apoderado e membro do Comité Executivo de FINANCIERA MADERERA, S.A. (Finsa), con NIF 36126130F, actuando en nome e representación da entidade, autorizado polo Notario de Santiago de Compostela, Héctor Ramiro Pardo García, o 25 de novembro de 2011, nº 2.236 do seu protocolo.

As partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para formalizar o presente convenio e, para estes efectos,

EXPOÑEN

1. As administracións públicas no exercicio das súas competencias poden subscribir convenios de colaboración con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en concordancia co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

2. A Consellería do Medio Rural, conforme o disposto no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 10, que dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución española.

3. A empresa Finsa, a través da súa marca de xestión forestal Veta, desenvolve a súa actividade no sector forestal de Galicia, baseada nun modelo de xestión





sustentable que integra tanto o aproveitamento industrial como a protección do medio natural. A xestión forestal exposta por Finsa ten fixados obxectivos tales como a produción de madeira para o abastecemento das fábricas do grupo, a realización dunha silvicultura axeitada e optimizada a cada tipoloxía de masa, o mantemento e mellora da masa e recursos forestais, prevención de incendios forestais, restauración, mantemento e mellora dos hábitats forestais, etc.

Esta xestión articúlase non só sobre montes propios, senón tamén a través de convenios con diversas Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) distribuídas polo territorio galego, así como a través do traballo con empresas contratadas ou subcontratadas por FINSA para a execución de traballos forestais.

Dada a interdependencia e os obxectivos comúns nestas superficies, tanto as comunidades de montes vinculadas a estes convenios como as contratas e subcontratas de FINSA, considéranse parte integrante do ámbito de actuación deste convenio. Así, as accións formativas poderán dirixirse ao persoal de FINSA, ao persoal das empresas contratadas e subcontratadas por FINSA para a execución de traballos forestais e, se procede, ao persoal das CMVMC coas cales FINSA teña algún convenio de xestión forestal e que se adhiran expresamente ao presente convenio mediante a sinatura do Anexo III, sempre que desenvolvan funcións relacionadas con operacións forestais, xestión, mantemento, seguridade, coordinación e outras áreas vinculadas ao risco e á prevención.

Para a consecución destes fins, FINSA considera prioritario reforzar a formación e capacitación, tanto do seu persoal como do persoal destas comunidades, e das empresas contratadas ou subcontratadas para a execución de traballos forestais, en materia de prevención de incendios, autoprotección e boas prácticas, incluíndo formación aplicada directamente nas contornas forestais obxecto de colaboración.

4. A prevención e defensa fronte aos incendios forestais constitúe unha actuación de interese xeral e evidente relevancia social, ao incidir directamente na protección do medio rural galego e do monte, considerados patrimonio esencial para o desenvolvemento sostible de Galicia e estreitamente vinculados á seguridade das persoas e dos núcleos de poboación dispersos no territorio. En coherencia con esta finalidade pública, o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA) integra medidas de prevención, sensibilización e formación orientadas a reducir o risco e a minimizar os danos ambientais, sociais e económicos asociados aos incendios. Esta prevención require unha actuación integral e coordinada que non pode desenvolverse de forma illada, senón co compromiso dos distintos axentes que interveñen no territorio, en particular das persoas titulares e xestoras de terreos forestais e do persoal que executa tarefas de xestión, mantemento e operacións forestais. Neste contexto, o interese común e específico do presente convenio radica en impulsar, mediante unha actuación conxunta de colaboración, a mellora da capacitación e das boas prácticas do persoal de FINSA e, de ser o caso, das comunidades de montes veciñais en man común adheridas, co fin de reducir a probabilidade de ignición, incrementar a seguridade e a autoprotección, e fortalecer unha cultura preventiva compartida no territorio, contribuíndo así á eficacia das políticas públicas de prevención e ao beneficio directo da poboación.





5. O presente instrumento ten natureza de convenio de colaboración, ao perseguir un obxectivo común de interese público e evidente relevancia social en materia de prevención e defensa fronte aos incendios forestais. A colaboración artéllase mediante o deseño, organización e execución conxunta dun programa formativo e de sensibilización, orientado a mellorar a cultura preventiva, a seguridade e a capacidade de autoprotección no medio rural, contribuíndo a reducir o risco de incendios, a minimizar os danos ambientais e económicos e a protexer a vida e os bens da poboación, especialmente en territorios con poboamento disperso e interface urbano-forestal.

Ambas partes, no ámbito das súas respectivas competencias, responsabilidades e capacidade de actuación, comprométense a achegar recursos e medios propios para a execución das accións formativas, configurándose así unha actuación coordinada de interese xeral.

Por todo o exposto, as partes comparten o obxectivo de mellorar a prevención mediante un plan formativo e de divulgación, e desexan formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e FINSA para o deseño, organización, coordinación e desenvolvemento conxunto de accións formativas e de sensibilización en materia de prevención de incendios forestais e autoprotección, no ámbito territorial de Galicia e en coherencia co PLADIGA. Estas accións diríxense ao persoal de FINSA, ao persoal das empresas contratadas ou subcontratadas por FINSA para a execución de traballos forestais e, se procede, ao persoal das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) coas que FINSA teña vixente un convenio de xestión forestal e que se adhiran ao presente convenio nos termos previstos.

As accións formativas configúranse como unha actuación coordinada de interese xeral, combinando sesións presenciais en aula e prácticas presenciais en monte, que se desenvolverán en instalacións e emprazamentos acordados polas partes, baixo supervisión e de acordo coas condicións de seguridade previstas neste convenio e nos seus anexos.

Para a execución do obxecto do convenio, ambas partes comprométense a poñer en común medios e recursos propios (persoal técnico, instalacións, loxística, equipamentos e materiais necesarios para a realización das sesións), de forma coordinada e dentro das súas respectivas posibilidades.

Segunda. Persoas destinatarias e ámbito territorial

As accións formativas e de sensibilización poderán dirixirse ao persoal de FINSA, ao persoal das empresas contratadas ou subcontratadas por FINSA para a execución de traballos forestais e, se procede, ao persoal das Comunidades de Montes





Veciñais en Man Común (CMVMC) vinculadas á xestión compartida, sempre que desenvolvan funcións relacionadas con operacións forestais, xestión, mantemento, seguridade, coordinación ou outras áreas asociadas ao risco e á prevención, en función das necesidades do servizo público e da dispoñibilidade de medios.

O ámbito territorial será Galicia. As prácticas desenvolveranse en montes xestionados por FINSA, ou nos que se incorporen por acordo das partes.

Terceira. Programa formativo

As partes comprométese a desenvolver un programa formativo e de divulgación en prevención de incendios forestais e autoprotección, de acordo co Anexo I (Plan formativo anual), que establece os contidos mínimos, duración orientativa e criterios de calidade e seguridade.

A concreción de datas, horarios, localizacións das prácticas, número de prazas por edición e distribución territorial aprobarase mediante un Plan acordado pola Comisión de Seguimento no prazo máximo de 30 días naturais desde a sinatura do convenio. A aprobación do Plan poderá axustarse por causas sobrevidas relacionadas coa actividade operativa do dispositivo de prevención e extinción de incendios, cando resulte necesario para garantir a atención do servizo público.

A modalidade será presencial en aula, para a parte teórica; e prácticas presenciais en monte, en grupos e con ratio docente/alumnado que garanta a seguridade.

Cuarta. Compromisos da Consellería do Medio Rural

A Consellería do Medio Rural comprométese, no marco das súas competencias e segundo planificación e dispoñibilidade de medios, a:

- Coordinar tecnicamente as actuacións previstas neste convenio e propoñer contido técnico e metodoloxía da formación, garantindo a calidade e adecuación aos obxectivos preventivos;
- Poñer a disposición persoal técnico docente e de coordinación na medida en que a planificación do dispositivo público de prevención e extinción de incendios e a dispoñibilidade efectiva de recursos humanos o permita, sen menoscabo da prestación do servizo público;
- Facilitar materiais didácticos e guías de boas prácticas existentes ou que se elaboren no marco das actuacións públicas de prevención.

Quinta. Compromisos de FINSA

FINSA comprométese a:

- Seleccionar participantes, xestionar inscricións e garantir a asistencia;
- Facilitar instalacións para a teoría (aulas e medios);
- Poñer á disposición para as prácticas os montes xestionados por FINSA, asegurando accesos, permisos internos e coordinación cos responsables;





- Garantir as condicións de seguridade e prevención de riscos laborais nas actividades que conleven prácticas, incluíndo avaliación de riscos, medidas preventivas, instrucións e supervisión, medios e equipamento esixible (EPIs) e designación de persoa responsable de seguridade en campo;
- Achegar, para o correcto desenvolvemento das accións formativas, os equipamentos de protección individual, ferramentas e materiais didáctico-prácticos necesarios para as sesións e prácticas, en condicións adecuadas de uso e seguridade.

Sexta. Financiamento

Este convenio non supón obrigas de contido económico.

Sétima. Réxime xurídico

- O presente convenio ten natureza administrativa e configúrase como un acordo con efectos xurídicos subscrito pola Administración autonómica con un suxeito de dereito privado para un fin común, rexéndose polo disposto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais disposicións que resulten aplicables.
- As partes declaran expresamente que o contido do presente convenio non inclúe prestacións propias dun contrato do sector público nin responde á adquisición onerosa de servizos, polo que non ten natureza contractual. En consecuencia, o convenio quedará fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- As achegas de medios e recursos que realice cada parte responden ao interese común e á execución conxunta das accións formativas.
- O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e de publicidade nos termos previstos na normativa aplicable, en particular o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- As posibles discrepancias que poidan xurdir na súa aplicación e/ou interpretación resolveranse por diálogo directo entre as partes ou pola Comisión de seguimento. As controversias non resoltas serán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava. Comisión de Seguimento

Créase unha Comisión de Seguimento paritaria (dúas persoas representantes por parte), con funcións de aprobar o calendario das accións formativas e de divulgación e as zonas de prácticas, adaptar o programa por necesidades sobrevidas, supervisar a execución e resolver incidencias.





Reunirase como mínimo dúas veces: ao inicio (planificación) e ao peche (avaliación), e sempre que o solicite unha parte. O dito órgano colexiado rexerá polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Novena. Modificación e extinción do convenio

Este convenio poderá ser obxecto de modificacións ou de prórrogas xustificadas, logo da tramitación da addenda correspondente, e seguindo todos os trámites necesarios para a formalización oportuna.

O convenio poderá extinguirse polas causas xerais admitidas en dereito e, en particular, por mutuo acordo das partes, por circunstancias que imposibiliten a realización das actuacións previstas e/ou por incumprimento dos compromisos establecidos.

Décima. Protección de datos e confidencialidade

As partes asinantes virán obrigadas, en materia de protección de datos, a cumprir co Regulamento (UE) núm. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os datos de carácter persoal aos que se teña acceso en virtude deste convenio serán tratados por ambas as dúas partes asinantes coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no exercicio de poderes públicos conforme á normativa recollida nas cláusulas do convenio e ás referencias recollidas na páxina <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso á rectificación e supresión os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou de xeito presencial, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Así mesmo, en aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, a perdas, a tratamentos ou a accesos non autorizados.





Undécima. Responsabilidade e seguros

Cada parte será responsable de garantir as condicións de seguridade das accións que se desenvolvan baixo a súa dirección, e comprométese a dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra, cando menos, os danos persoais e materiais que poidan derivarse das accións que se desenvolvan baixo a súa dirección, incluíndo a participación do alumnado e do persoal intervinte.

Cada parte responderá polos danos derivados de actuacións imputables ao seu persoal ou medios, de acordo coa normativa aplicable, sen prexuízo das coberturas de seguro previsto no apartado anterior.

Duodécima. Publicidade e uso de imaxe

Este convenio será obxecto de publicación e inscrición, de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Calquera comunicación pública (notas, cartelería ou uso de logotipos) requirirá coordinación e autorización previa, agás obrigas legais.

Décimo terceira. Vixencia

Este convenio producirá efectos dende a sinatura e ata o 31 de decembro de 2026.

E, en proba de conformidade, asinan o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A Conselleira do Medio Rural
(P.D. Orde do 17.11.2015, DOG núm. 223
do 23.11.2015)
O director xeral de Defensa do Monte
Manuel Francisco Gutiérrez

Xosé Manuel Mera Iglesias
Membro do Comité Executivo de
FINANCIERA MADERERA, S.A.





ANEXO I. Plan formativo (modelo)

Duración total orientativa: 24 horas (axustable por acordo da Comisión de Seguimento).

Edicións: 3 edicións de 8 horas (4 horas teoría en aula + 4 horas prácticas en monte) ao longo do ano de vixencia.

Tamaño recomendado de grupo: 15–20 persoas por edición (para garantir seguridade en campo).

Módulos (por edición):

M1 (2 h): Risco de incendio e factores desencadeantes; responsabilidades e boas prácticas.

M2 (2 h): Medidas preventivas no traballo forestal; autoprotección; comunicación e alertas.

M3 (2 h): Planificación preventiva: puntos críticos, accesos, fajas e biomasa; coordinación.

M4 (2 h): Práctica guiada en monte: identificación de riscos, itinerario seguro e demostración de procedementos.

Avaliación e calidade:

Asistencia mínima: 80%.

Lista de verificación de aprendizaxes (checklist) e enquisa de satisfacción.

Certificado de asistencia/aproveitamento.





ANEXO II: Documento de adhesión de CMVMC

Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC):

Concello: ----- Provincia: -----

NIF: -----
Persoa representante (nome e cargo): -----

Título habilitante da representación: -----

Manifestación de adhesión

A CMVMC arriba identificada manifesta a súa vontade de adherirse ao "Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e FINANCIERA MADERERA, S.A. (FINSA) para a realización de accións formativas e de sensibilización en materia de prevención de incendios", exclusivamente para os efectos de permitir a participación do seu persoal nas accións formativas e prácticas en monte previstas no convenio, nos termos establecidos nel e nos seus anexos.

A CMVMC comprométese a respectar as condicións de seguridade, prevención de riscos e indicacións do persoal responsable durante as prácticas e a facilitar, cando proceda, a información mínima necesaria para a xestión de inscricións e certificacións, de acordo coa cláusula de protección de datos.

En -----, a ---- de ----- de 2026.
Pola CMVMC

[Firma]
Nome e cargo: -----

